

Recollida de móbiles

Este curso comezamos unha campaña de recollida de móbiles vellos, en funcionamento ou non. Os móbiles recollidos envíanse á Fundación Jane Goodall que, a través do seu programa “Mobilízate pola selva”, se encarga de reutilizar e/ou reciclar os seus compoñentes co dobre fin de reducir por un lado a súa demanda, e dese xeito minimizar os enormes impactos ambientais da súa extracción, e por outro, evitar o vertido ao medio de elementos potencialmente tóxicos para os ecosistemas. Os fondos recadados con estas actividades son empregados en proxectos de apoio ao desenvolvemento na República do Congo, programas de educación e conservación (como o centro de recuperación de chimpancés de Tchimpounga) e proxectos de reforestación e preservación de ecosistemas.

Nós, por cada 30 móbiles que enviamos gañamos o dereito de apadriñar a un chimpancé do centro de Tchimpounga durante un ano.



A campaña de recollida foi un éxito. En total conseguimos máis de 120 móbiles, evitando o impacto ambiental do seu vertido incontrolado, e apadriñamos catro chimpancés. Continuaremos o próximo curso.

PD: Como nota curiosa o colector onde os recolleemos ten, na súa versión 2.0, un pequeno dispositivo dixital, elaborado por alumnos/as de 4º da ESO, que contabiliza o número de móbiles que se van depositando nel.

